1.- Vocabulario científico da unidade:

Palabra	Definición

2.- Que obtemos pola alimentación?

3.- Explica graficamente en que consiste a respiración celular.

4.- Que é a nutrición?

5.- Pensa en todos os alimentos que comiches onte e clasifícaos segundo o tipo de nutriente que teñan.

6.- A falta dalgún tipo de nutriente pode traer consigo serias enfermidades, na época dos corsarios e piratas era común que a tripulación dalgún barco se vise afectada de escorbuto. Infórmate sobre esta enfermidade e escribe un pequeno resumo sobre o que a orixina e que provoca no noso corpo.

7.- O cretinismo é outra enfermidade asociada á falta dun determinado mineral. Investiga en Internet sobre esta enfermidade e explica cal é a súa

causa e que provoca nas persoas afectadas.

8.- Fai un esquema dos aparellos que interveñen na función de nutrición.

9.- Cales son as principais funcións do aparello dixestivo?

10.- Indica os principais órganos do aparello dixestivo.

11.- O aparello dixestivo consta dun tubo e glándulas dixestivas. A que crees que se debe o nome de tubo?

12.- Cal será a causa de que o intestino delgado sexa tan longo?

13.- A que se debe que as diarreas podan producir deshidratación?

14.- Que misión teñen as bacterias que temos no intestino?

15.- Que son realmente os bífidus que anuncian na TV nalgúns alimentos?

16.- Indica todas as glándulas do aparello dixestivo e a súa función.

17.- Por que vomitamos, crees que é bo que o noso corpo teña esta reacción?

18.- Probablemente teñas sentido algunha vez que a túa boca sube do estómago unha pequena cantidade de líquido de sabor moi amargo e desagradable. Que pode ser ese líquido?

19.- Algunhas persoas, por unha enfermidade, teñen que quitarlle o estómago. Indica algúns dos coidados que crees que deberían de ter esas persoas.

20.- Despois da pel o órgano do noso corpo máis grande é o fígado, investiga en Internet e escribe catro curiosidades (sexan ou non científicas) sobre este órgano.

21.- O proceso dixestivo empeza na boca, que ocorre aquí?

22.- Fai un debuxo simple no que se explique todo o proceso dixestivo.

23.- Conseguimos algún tipo de nutriente para o noso organismo cando vomitamos?

24.- Que son as feces?

25.- Terás visto anuncios de alimentos que din ser “ricos en fibra”, a fibra non é ningún tipo de nutriente, a que se deberá entón a súa importancia?

26.- No xornal apareceu a noticia de que unha familia ingresara no servizo de urxencias dun hospital por unha gastroenterite, a que crees que se pode deber?

27.- Xavier moitas veces sobre gastrite, que alimentos non lle aconsellarías que tome?

28.- Explica en poucas palabras que é unha dieta equilibrada.

29.- Cal é a diferenza entre bronquio e bronquiolo?

30.- Que ocorre na nosa gorxa cando nos atragoamos?

31.- Que ocorre dentro dos alvéolos?

32.- Que obtemos e que expulsamos en cada respiración?

33.- Que crees que ocorre no noso corpo cando non podemos inspirar aire?

34.- As veces aparecen noticias que teñen un titular parecido a "Morto por inhalación de monóxido". A que se deben estas mortes e como se poderían evitar?

35.- Di, como mínimo, dúas razóns polas que é moi malo fumar.

36.- A tuberculose foi unha enfermidade que séculos atrás provocou moitas mortes, hoxe en día existe un tratamento para ela. Busca en Internet como se pode coller esta enfermidade e o que debemos de facer para evitala.

37.- As persoas que sofren asma acostuman a levar consigo un spray que levan á boca cando senten que non respiran ben. Que crees que fai ese spray?